



## ENTROIDO 2017 XIX CONCURSO DE DISFRACES

- I.- Poden participar todas as persoas que acudan disfrazadas o día do concurso.
- II.- Os participantes deberán anotarse na Praza do Concello o mesmo día do concurso pola tarde, a partir das 16:30 horas.
- III.- O concurso terá lugar o domingo día 26 de febreiro a partir das 17:30 horas na Praza do Concello (Arca).
- IV.- Outorgarase premios polas seguintes categorías:

CATEGORIAS	1º PREMIO	2º PREMIO
INFANTIL	100€	75€
MAIS ORIXINAL	100€	
INDIVIDUAL	100€	
PARELLA	125€	
GRUPO	150€	
CARROZA	200€	
COMPARSA	350€	

**Nota:** Todos os rapaces/as de ata 12 anos terán un agasallo se van disfrazados/as, figuran inscritos no concurso e soben ao escenario desfilando co disfraz.

- V.- As comparsas terán que ter polo menos 10 membros para poder participar e representarán todos un mesmo motivo.
- VI.- O grupo terá como mínimo 3 persoas e máximo 9 para poder participar e representarán todos/as un mesmo motivo.
- VII.- As carrozas serán como mínimo de 4 persoas representando algún tema enriba dun móbil ( carro, tractor, etc...) e terán que estar todos os compoñentes (agás o condutor) enriba del.

VIII.- Durante o desenvolvemento do desfile, o xurado valorará:

Comparsas e grupos:

- Vestuario e maquillaxe (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
- Orixinalidade: 1 a 3 puntos
- Organización e traballo en equipo: 1 a 3 puntos
- Involucrar ao público(Sorrisos, aplausos, etc...): 1 a 5 puntos.

Disfraces individuais (infantís e adultos)

- Orixinalidade do vestuario (traballo feito a man e emprego de materiais de refugallo): 1 a 4 puntos.
- Maquillaxe: 1 a 2 puntos.
- Involucrar ao público(Sorrisos, aplausos, etc...): 1 a 5 puntos.

IX.- A selección dos gañadores realizarase a proposta dun xurado composto por persoal alleo ao Concello de O Pino.